



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 2

Sesión plenaria
9 de abril de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-qCqAmP9cc-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.



SUMARIO

Ábrese a sesión ás nove e trinta e dous minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e comunica que non se xustificaron inasistencias a este pleno. (Páx. 4.)

O señor presidente rógalle á señora secretaria da Mesa do Parlamento (Vázquez Mourelle) que lea a Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 4 de abril de 2024, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 5, do 4 de abril de 2024. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Vázquez Mourelle) le a resolución. (Páx. 4.)

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente comunica que, en primeiro lugar, terá lugar a intervención do candidato para a exposición do seu programa de goberno, que, rematada a súa intervención, se suspenderá a sesión por un tempo mínimo de corenta e oito horas, de conformidade co disposto no artigo 136.3 do Regulamento da Cámara, e que se reiniciará o xoves, día 11 de abril de 2024, coa intervención dos representantes dos grupos parlamentarios. A continuación, anuncia que lles corresponderá a rolda de réplica aos representantes dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136.4, que, a seguir, terá lugar a rolda de dúplica e peche do candidato e, finalmente, que, en cumprimento do disposto no artigo 136.5 do Regulamento, a votación se levará a cabo despois da derradeira intervención do candidato. (Páx. 4.)

O señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (Rueda Valenzuela) expón o seu programa de goberno. (Páx. 5.)

O señor presidente recórdalles aos membros da Cámara que a intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136 do Regulamento, será o o xoves, día 11 de abril de 2024, ás 11.30. (Páx. 31.)

Suspéndese a sesión ás once e dezaseis minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás nove e trinta e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias. Entramos no desenvolvemento da orde día, que como punto único ten a proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Entramos xa na orde do día, e para iso rógolle á secretaria, señora Vázquez Mourelle, que dea lectura á Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 4 de abril de 2024, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 5, do 4 de abril de 2024.

Cando queira.

A señora SECRETARIA (Vázquez Mourelle): «Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 4 de abril de 2024, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no apartado terceiro do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e 136, no seu apartado primeiro, do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia o deputado don Alfonso Rueda Valenzuela.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Miguel Ángel Santalices Viera, presidente.»

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE: Explicación do procedemento de elección, segundo o recollido no artigo 136.2 do Regulamento e tamén no artigo 92.2. Corresponde, en primeiro lugar, a intervención do candidato, sen límite de tempo, para a exposición do seu programa de goberno. Rematada a súa intervención, suspenderase a sesión por un tempo mínimo de corenta e oito



horas, de conformidade co disposto no artigo 136.3 do Regulamento da Cámara. A sesión reiniciarase o xoves día 11 de abril do 2024, ás 11 ou 11.30 horas, aproximadamente, dependendo da hora do remate da intervención do candidato. O día 11 comezariamos coa intervención dos representantes dos grupos parlamentarios, de menor a maior, que, consonte o acordado pola Mesa e a Xunta de Portavoces o día 4 de abril de 2024, disporán dun tempo de trinta e cinco minutos por grupo parlamentario, seguida da resposta do candidato, que poderá ser individualizada ou conxuntamente, conforme tamén o disposto no artigo 136.4 do Regulamento, e tamén será sen límite de tempo. A continuación, corresponde a rolda de réplica dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos, de acordo co disposto no artigo 136.4, e, finalmente, a rolda de dúplica e peche do candidato, tamén sen límite de tempo. Anunciarase a hora de votación, en cumprimento do disposto no artigo 136.5 do Regulamento, que se levará a cabo despois da derradeira intervención do candidato. E, por último, procederase á votación e proclamación do resultado.

Esta é a explicación de como vai ser o proceso e, sen máis, comezamos xa coa exposición do programa polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, e para iso ten a palabra o candidato, don Alfonso Rueda Valenzuela.

Cando queira.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Presidente do Parlamento, deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG, do Grupo Socialista e do Grupo Mixto, autoridades e convidados presentes, medios de comunicación, galegos e galegas.

Hai dous anos solicitei a confianza desta cámara dende a experiencia que naquel momento atesouraba, dende a responsabilidade, dende a ilusión e dende o convencemento do que debía facer. Hoxe confésolles sentir todas aquelas sensacións, pero cunha intensidade aínda maior.

Tiven a fortuna de servir a Galicia dende moi diversas responsabilidades ao longo da miña vida, pero dende logo ningunha é comparable ao camiño que me tocou emprender hai xa case dous anos, en maio do ano 2022.

Durante este tempo foron moitos os retos, e, por suposto, xunto cos acertos —algún espero ter acadado—, non terán sido poucos os erros cometidos. Polos primeiros dende logo dou grazas a todos aqueles que contribuíron comigo a conseguilos, e polos segundos por suposto pido desculpas e comprométome a seguir aprendendo deles para non volver cometelos.

Pero, a día de hoxe, os desafíos que afronta Galicia e as oportunidades que asoman no horizonte cárganme de ilusión, de enerxía e de orgullo para emprender ao carón do pobo galego esta nova etapa.

É posible que os ritmos que marca a actualidade dificulten percibir a enorme transformación que viviu Galicia nas últimas décadas. A nosa terra foi quen de seguir sendo fiel a si mesma, sen por iso renunciar a incorporar avances que nos permiten equipararnos a territorios que non hai moito semellaban absolutamente inalcanzables.



Basta repasar as hemerotecas de hai tres décadas —ano 1994— para atopar que este é un exercicio útil que nos permite recuperar a perspectiva sobre a evolución que vivimos durante este tempo.

Daquela, hai trinta anos, facíase en Galicia o primeiro transplante de fígado, tres anos despois de marcar un fito co primeiro transplante de corazón. Hoxe, a nosa Comunidade é unha referencia en transplantes, con máis de 330 cada ano. Naquel 1994 había que saír fóra da nosa comunidade para intervencións complexas, que agora se fan aquí con toda normalidade, e non existían por exemplo os hospitais do Barbanza, de Cee, nin do Salnés. Neste tempo a sanidade pública duplicou o número de profesionais que traballan nela e as operacións que realiza cada ano.

Entón, hai trinta anos, a nosa comunidade tiña 194 quilómetros de vías de altas prestacións; hoxe ten sete veces máis, case 1.500.

Hai trinta anos, despois do gran Xacobeo 93, a nosa comunidade acolleu 2,6 millóns de turistas. Este ano estamos traballando, no 2024, para consolidar e superar o récord histórico de 7 millóns acadado no ano 2023.

No ano 1994 acudían á escola infantil 5 de cada 100 nenos galegos. Hoxe esta cifra multiplícouse por dez.

A esperanza de vida dos galegos pasou dos 78 aos 83 anos, e ademais cuadriplicouse o saldo migratorio de Galicia; son máis as persoas que veñen asentarse aquí que as que deciden emprender unha vida noutra parte.

E o noso sector primario tamén viviu unha revolución. Producimos o dobre de leite e exportamos o triplo de produtos pesqueiros.

Non é casualidade, dende logo, que a etapa de maior progreso continuada na sociedade galega coincidise tamén coa de maior fortaleza das nosas institucións. Esa cultura política propia, que con enorme intelixencia e enorme sentido práctico construíu a xeración anterior á nosa, creou o clima idóneo para o crecemento económico e social.

E non estou a falar dun ou doutro goberno, nin sequera dun ou doutro signo político. Estou a falar dun país, a Autonomía que funcionou, a Galicia que funciona. (*Aplausos.*) E funciona porque as institucións do noso autogoberno foron froito do consenso que as galegas e os galegos fomos tecendo ao longo de todo este tempo.

Por recoñecemento aos que aquí estiveron, e por respecto tamén aos que están e sobre todo aos que estarán, é o noso deber que Galicia siga sendo un referente da boa política.

Señorías, hoxe observamos en moitos escenarios —máis dos desexables— como, por intereses partidistas, ás veces mesmo persoais, se lle resta valor ao diálogo. Observamos como se desacreditan as posturas equilibradas e como pouco a pouco se vai consolidando unha política de trincheiras, na que parece máis importante escoller un bando que comprobar onde está a razón e quen a ten.



Estou especialmente orgulloso de que Galicia non sexa así e porei todo da miña parte para que a vida pública galega siga sendo exemplo de convivencia, e mentres por moitos lugares do mundo, e de España sen ir máis lonxe, galopa a discordia, a nosa terra mantén intactos os principios da convivencia. (*Aplausos.*)

A discrepancia e a crispación nin poden nin deben ser palabras sinónimas, escoitar a quen pensa distinto é unha mostra sempre de fortaleza e nunca de debilidade e buscar solucións moderadas non revela indecisión, revela todo o contrario.

A miña meta, por tanto, é presidir unha terra na que os galegos, que temos diferentes ideas, poidamos atopar sempre puntos de encontro.

Este parlamento encarna a pluralidade de Galicia e ten que seguir facéndoo nesta lexislatura. Ten a representatividade, ten a proporción que libremente —e cunha alta participación por certo— elixiu o noso pobo o pasado 18 de febreiro. Creo que o rumbo escollido foi coherente co que guiou toda a nosa singradura autonómica ata o día de hoxe, dende os seus inicios, catro décadas de cambios serenos.

Escollemos o 18 de febreiro profundar na convivencia harmónica entre ideas, entre linguas e entre procedencias. Escollemos tamén un modelo de xestión dos servizos públicos que demostrou durante moitos anos ser útil para o que ten que servir: a mellora constante. Escollemos tamén velar por unha Galicia próspera, que aproveite o seu potencial para medrar e para crear novos postos de traballo de calidade, riqueza en Galicia. E escollemos tamén avanzar nunha autonomía solidaria e corresponsable cos pobos que nos rodean; temos identidade propia, pero non estamos sós.

Galicia decidiu nas urnas e non nas redes, decidiu con papeletas, non fixeron falta nin *likes* nin retuits para que os galegos soberan o que queren para a súa terra.

Agradezo, polo tanto, a confianza dos máis de 700.000 galegos e galegas que a depositaron no meu partido, pero tamén —e quero deixalo claro— me sinto especialmente responsable cos que escolleron outras opcións parlamentarias hoxe aquí representadas, extraparlamentarias por non ter acadado representación, tamén cos que votaron en branco e tamén cos que decidiron non ir votar. Todos eles son Galicia, e os intereses de todos eles defendereinos dende o primeiro momento. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señorías, na nosa terra non vai haber rupturas, non vai haber bloqueos nin vai haber xiros bruscos, porque os galegos votaron maioritariamente para todo o contrario, votaron para o sentidiño e votaron para a autoexixencia. Non esperen de min que levante muros entre cidadáns dun mesmo pobo, os nosos cidadáns, aínda que pensen diferente, non penso facelo. Non esperen de min tampouco que cree fronteiras coa nación da que formamos parte, España; tampouco as vai haber. Todo o contrario. E non esperen de min que responda a ningún outro interese que non sexa o interese de Galicia.

Si que teñen que esperar de min, en cambio, que dialogue e que escoite; é a miña obriga. Escoitar é escoitar a xente que non opina igual ca ti, sempre que se exprese con respecto.



Esperen de min que traballe en colaboración, por suposto, cos concellos, que vertebran Galicia; coas empresas, que crean a riqueza, e coa sociedade civil, que o explica todo. E, por suposto, esperen de min que tenda a man ao Goberno central, sempre con vocación de que a nosa terra prograse e sempre tendo a mesma lealdade pola outra parte.

Esperen min, polo tanto, un espírito de mellora constante. Para iso ponnos a xente aquí. Esperen moito esforzo e esperen, por suposto, moita dedicación; é a miña obriga, é a obriga de todos e todas as que estamos aquí. Estou convencido de que os maiores cumios de Galicia aínda están por acadarse.

E non só esperen todo isto de min. O que teñen que facer dende logo é exixirmo, porque é a miña obriga cumprilo.

E non veño aquí para presentarme como ningún salvapatrias, ningún reivindicador de causas persoais ou abandeirado de posturas extremas; por desgraza, xa hai demasiados e demasiadas persoas así na política actual. Eu veño como servidor de Galicia.

Polo tanto, non veño aquí para actuar como se estivese por enriba do meu pobo, do noso pobo, que me deu a confianza, e a partir de aí non teño por que darlle contas. Eu son un máis e o máis obrigado a escoitar e a servir a Galicia.

Dende logo, non veño aquí dicir que eu serei capaz de facelo todo só. As cousas que consi- gamos —e espero acadar moitas cousas— serán logros colectivos do pobo no seu conxunto.

Fronte ao ruído e á intransixencia nos que algunhas forzas políticas nos queren situar a pesar do veredicto electoral, eu quero gobernar dende a normalidade da Constitución e do Estatuto, que é marco dabondo para facer moitísimas cousas. (*Aplausos.*) Quero gobernar, señorías, dende o edificio normativo que naceu desa reconciliación, dese autogoberno que nos demos. É así como Galicia acadou as súas cotas máis extraordinarias, e así as ten que seguir logrando.

As decisións do Goberno de Galicia non van estar baseadas na satisfacción de ningunha minoría nin das estruturas de ningún partido —empezando polo meu— nin de ningunha ideoloxía determinada, sexa esta a que sexa. A medida do éxito das nosas políticas non será outra cousa que o progreso de Galicia.

E se hoxe estamos aquí nesta sesión de investidura é porque contamos cun marco institucional no que se nos reconece a capacidade de autogobernarnos.

Nós somos os encargados de seguir materializando ese soño que no seu día compartiron Rosalía, Brañas, Castelao, Piñeiro e outros moitos; tantos que dende diferentes plantexamentos ideolóxicos compartiron o máis importante: o amor a unha Galicia que ten que ser dona do seu futuro.

A razón pola que cada vez máis persoas miran con interese cara á terra na que estamos todos, cara a Galicia, o verdadeiro segredo para todo iso non é outro que aquí respectamos a todo o que nos une.



Únenos, en primeiro lugar, unha lingua que todos sentimos como propia e cunha vitalidade á proba de cambios sociais, demográficos ou ideolóxicos. O galego, señorías, non é propiedade de ningunha ideoloxía; o galego é un idioma extenso, o galego é un idioma útil, que forma parte do que somos, da nosa alma, e cuxa utilidade vai máis alá das nosas fronteiras hai moito tempo. (*Aplausos.*) O galego é unha lingua, a nosa lingua, da que nos sentimos orgullosos, e é tamén un modelo de convivencia co castelán, que constitúe un exemplo para o resto de España. Ímolo, por tanto, seguir impulsando con aínda máis énfase. E así vai quedar reflectido con maior peso na estrutura política, na nosa política lingüística, na cultura galega, no goberno que arrancará a partir da semana que vén.

Únenos unha apertura tamén sen complexos cara ao mundo, como é natural nun pobo cuxa pegada aínda hoxe se percibe nos lugares máis diferentes e máis distantes. Galicia non se pecha —nunca o fixo— en si mesma. Galicia mira cara a Portugal, mira cara ao resto de Europa e mira máis alá do Atlántico dende este lugar privilexiado no que estamos. E, por suposto, mira facéndoo da man do resto dos españois. Abrir as portas ao que nos axuda a mellorar non dilúe en ningún caso a nosa identidade; ao contrario, o que fai é realzala.

Únenos unha forma de ver a vida, que escapa instintivamente —as últimas eleccións son unha boa mostra— dos extremos, tamén dos extremos políticos e das actitudes radicais e intransixentes, que a nada conducen e que non van coa nosa maneira de ser. Debemos, dende logo, manter a capacidade de autocrítica sempre, pero tamén sempre deixar atrás os tempos dos complexos; aprender daquelas cousas que outros fan mellor, sempre. Envexalos, xamais. Galicia non ten por que envexar a ninguén. (*Aplausos.*)

A mellor forma, señorías, de encarar o futuro é con ese espírito de superación, que tamén forma parte da nosa identidade e explica a nosa historia. Consolidar o xa afeito, que é moito; emendar os posibles erros, que, por suposto, os houbo, e seguir aplicando o sentidiño no goberno, na xestión e na política, iso é o que vai permitir seguir acadando novas metas.

Iso foi o que votaron os galegos nestas eleccións autonómicas: facer Galicia ao xeito de Galicia, nada máis e nada menos. E iso, se obteño a confianza desta Cámara, é o que me proponho seguir facendo; para iso estou aquí.

A min non me cabe dúbida, señorías, de que os cidadáns votaron o pasado 18 de febreiro pensando en Galicia, pero tamén coa vista posta no que está a ocorrer no resto de España. ¿Como non iamos facelo? Aquí os electores ratificaron unha senda: a da responsabilidade, a da pluralidade, a do bo goberno, que é ben diferente á que emprendeu a política nacional nestas últimas datas.

O mandato que eu recibín dos galegos obrígame tamén a preservar Galicia das consecuencias da inestabilidade na que está instalado o conxunto do país. Estou seguro de que os galegos que me apoiaron tamén estaban pensando nese mandato. E, polo tanto, os galegos —os que me votaron nas últimas eleccións e os que non— poden estar seguros de que comparto a preocupación polo que está pasando no noso país, e estou seguro de que esa preocupación a sente unha inmensa maioría, cada un á súa maneira, cada un ao seu xeito, pero hai preocupación.



Preocúpame que os piares do Estado de dereito sexan moeda de cambio para obter réditos políticos. A amnistía, señorías, vendéusenos como condición indispensable para a estabilidade en España. E o que estamos vendo é que España poderá ter amnistía pero vai seguir sen ter estabilidade.

Preocúpame moito que haxa indicios máis que suficientes de que o Goberno de España está disposto a crebar o equilibrio territorial no que se asenta o país. Preocúpame moito que a maioría que sustenta o Goberno central sexa tan fráxil que a convocatoria das eleccións nunha comunidade autónoma determinada —das moitas que forman o noso país— implique de xeito automático que todo o país quede sen orzamentos xerais, e que, polo tanto, Galicia, na parte que lle toca, tampouco vai ter orzamentos xerais, cos prexuízos que iso supón.

Polo tanto, señorías, detrás do frenesí da política nacional agóchase a realidade dun país que cada vez está máis bloqueado e dun goberno que está centrado na súa propia supervivencia.

Neste escenario que ofrece moi poucas certezas, eu quero darlles aos galegos unha, a principal, a que máis necesitan, a que máis demandan, a imprescindible: en Galicia vai haber un goberno que defenderá por riba de todo os intereses do noso pobo. E iso teñen que sabelo. *(Aplausos.)*

Aquí, señorías, o ben común, o interese xeral, o que é de todos non se vai someter á poxa. Aquí, señorías, houbo sempre, hai agora e ten que seguir habendo no futuro uns orzamentos nada máis e nada menos que permitan facer as políticas que Galicia necesita. Aquí o primeiro, señorías, por riba de calquera persoa ou de calquera partido —como dixen antes—, ten que ser Galicia.

O fácil nestes momentos sería actuar como se todo o que pasa máis alá do Padornelo non tivese un impacto directo sobre Galicia. Pero o axeitado, o que hai que facer é protexer precisamente a nosa terra do que está pasando, das consecuencias dese novo modelo territorial, desa situación política que se nos pretende impoñer. Galicia, señorías —direino as veces que faga falta— é tamén España. *(Aplausos.)* E, polo tanto, eu nunca sería un bo presidente se me desentendese do futuro do noso país.

Cando algúns dos partidos que sosteñen o actual Goberno central reivindicán para unha soa comunidade autónoma unha débeda histórica de catrocentos cincuenta mil millóns de euros sen que ninguén dende o Goberno central os desminta —acabamos de velo onte outra vez no Senado—; cando o partido do presidente do goberno rubrica un documento no que acorda repartir entre todos os españois unha débeda de dezaseis mil millóns de euros dunha soa comunidade autónoma —catrocentos euros vaille tocar pagar a cada galego—; cando as bravatas que xa coñecemos independentistas sobre o referendo —que onte escoitamos outra vez— e sobre tantas cousas non teñen en fronte un Goberno central que lles pare os pés; cando o partido que goberna unha comunidade autónoma —que non ten máis dereitos nin é máis digna que Galicia, tampouco menos pero, dende logo, tampouco máis—, cando esa comunidade promete a ruptura unilateral do sistema de solidariedade interterritorial, coa complicidade de tantos partidos —incluídos os que se sentan na oposición neste Parla-



mento—; cando pasa todo iso é cando Galicia non pode nin debe nin vai quedar calada en ningún caso, (*Aplausos.*) jen ningún caso! (*Aplausos.*)

E así, señorías, fronte aos que propoñen que ese egoísmo duns poucos sexa a forza motriz de España, Galicia vai seguir reivindicando o equilibrio entre territorios e entre cidadáns iguais.

Galicia falará con voz propia en asuntos que marcarán o futuro do Estado das autonomías, tamén da nosa. O primeiro, o principal, o máis urxente é que a negociación do novo modelo de financiamento autonómico sexa xusta. Non pode ser admisible que os fondos necesarios para garantir un nivel homoxéneo e de calidade dos servizos públicos dependan de en que territorios se presten e, polo tanto, de que financiamento poidan acoller en función do que xa colleron outros antes. O modelo de reparto dos recursos públicos precisa unha evolución —dende logo, niso estamos todos de acordo—, unha evolución que corrixa os desequilibrios acumulados ao longo destes anos, que foron moitos. Pero para iso é necesario que o Goberno central saiba evitar a tentación —na que está caendo— da bilateralidade: falar só con algúns e ignorar os outros. Esa é a orixe de todas as eivas, de todos os problemas que se están producindo. O futuro do que é de todos debe decidirse entre todos, señorías.

Polo tanto, as comunidades de réxime común que estamos gastando en servizos públicos fundamentais que antes prestaba o Estado, que nos foron traspasados en teoría co financiamento suficiente, cento setenta e oito mil millóns de euros ao ano, o que sucede é que os recursos que estamos recibindo para prestar eses servizos non chegan aos cento vinte e cinco mil millóns. Polo tanto, faltan cincuenta e tres mil millóns para cubrir ese gasto autonómico. Polo tanto, o primeiro paso será que o novo sistema de financiamento corrixa ese déficit de cincuenta e tres mil millóns de euros. Supoño que todos estaremos de acordo niso. Este é o principal lastre das contas autonómicas e, polo tanto, tamén do Estado do benestar, e debe corrixirse canto antes.

Ademais, as demandas que estou facendo hoxe aquí, que son as de Galicia, non son ningunha excepción. Estou seguro de que se converterán na regra xeral en todas as comunidades autónomas en pouco tempo. Todas as comunidades, toda España ten de cara unha estrutura poboacional como a que temos aquí, coas súas diferenzas, pero a tendencia é a mesma.

O reto da reforma do financiamento é responder ás necesidades presentes e sobre todo ás futuras dunha poboación cada vez máis envellecida e que cada vez demanda máis servizos, aos que ten dereito. Polo tanto, Galicia falará tamén con voz propia para reivindicar ese compromiso real do goberno coa sociedade galega.

Porque falta moito compromiso, señorías. Falta compromiso coa creación de emprego en Galicia. E por iso a Xunta vai seguir reivindicando un xiro cada vez máis urxente. Cada vez queda menos tempo na xestión dos fondos europeos, empezando polos pertes industriais, tantas veces anunciados e tantas veces falidos nas súas convocatorias.

É incomprendible que a mobilización de miles de millóns de euros para investimentos sigan gardados nun caixón. É incomprendible que esa non sexa unha prioridade nacional, nestes



momentos; a principal case para o Goberno central. E, ao mesmo tempo, o que pasa en Galicia é que hai proxectos industriais viables, solventes e que cumpren os requisitos e están esperando financiamento. Logo volverei sobre iso, pero esta é unha situación que está pasando, e todos os deputados e deputadas desta Cámara o saben, outra cousa é que algúns pensen que non fai falta facer nada.

Falta tamén compromiso do Goberno central coas infraestruturas galegas. Os prezos da autoestrada do Atlántico, da autoestrada central de Galicia, son inasumibles; cada vez máis inasumibles, e non se propón ningunha medida certa máis alá de declaracións, máis alá de papeis asinados que non se materializan en nada, para intentar corrixir este enorme problema.

A situación deteriorada das autovías estatais segue a ser intolerable; pódeo ver todo o mundo que circule por elas. Os servizos ferroviarios acumulan queixas dos seus usuarios —onte, outras moitas queixas—. A conexión con Portugal esmorece, sen que pareza preocuparlle nada ao Goberno central, mentres o Goberno portugués está facendo os seus deberes. Xa non me vou parar nesas datas tantas veces adiadas e en tantas mentiras contadas sobre a chegada real da alta velocidade a todas as cidades galegas.

E mentres todos os expertos coinciden en que as redes loxísticas son claves para o progreso económico, o Goberno central non considera prioritario —máis ben nin considera— o impulso do tren de mercancías a través do Corredor Atlántico Noroeste, a pesar de que toda a sociedade civil e comunidades autónomas de diferente signo clamamos por el. Sobran palabras boas e ás veces non tan boas, pero escasean os investimentos e os compromisos.

Falta tamén compromiso do Goberno central co sector primario de Galicia e cos fogares, que cada vez teñen máis difícil atender subministracións básicas. Seguiremos reivindicando a redución do IVE do peixe e da carne, e segue parecéndonos incomprensible, como a tanta xente, que no día de hoxe aínda non se adoptase ese acordo. *(Aplausos.)*

Falta tamén, señorías, compromiso do Goberno central co noso dereito —sagrado— para ordenar o noso propio territorio dentro da legalidade. E non é só que se aproben normativas incompatibles coa maneira, coa forma, co asentamento de vida dos galegos na nosa costa, que levan séculos vivindo economicamente dela, pero preservando sempre os seus valores; agora o que pasa tamén é que se está combatendo nos tribunais, cun esforzo, cun empeño digno da mellor causa e, sobre todo, vendo como se trata a unhas comunidades autónomas e como se trata a outras, por exemplo, a Lei do litoral, que é fundamental para compatibilizar o desenvolvemento económico e social e a preservación do noso medio ambiente. É fundamental para Galicia, e aí estase dando unha mostra de tratamento desigual e de empeño político en non querer negociar e en non atender a razóns por parte do Goberno central.

Falta, polo tanto, señorías, compromiso do Goberno central en moitas cousas; tamén —teño que dicilo— falta moitas veces respecto e fáltase á verdade, e Galicia non vai calar. De xeito inmediato, en canto sexa recibido pola Súa Maxestade El-Rei, solicitaréi ser recibido polo presidente do Goberno e trasladareille de novo todas estas reivindicacións; e fareino con lealdade, con firmeza e esperando que esta vez, despois do resultado electoral, si sexamos escoitados. *(Aplausos.)*



E, por suposto, seguirei reivindicando, xunto cos meus compañeiros presidentes e presidentas autonómicas, a inmediata convocatoria da Conferencia de Presidentes. É un foro esencial no que tiñamos que estar discutindo moitísimas cousas, e moito máis neste momento, con todo o que está pasando, con todo o que estamos vendo, coas cesións, coa ruptura da igualdade, coas bilateralidades. É incomprendible que o Goberno central non nos convocase a esta reunión. ¿E por que non dicilo tamén? Estase incumprindo a normativa que obriga a facelo, cando está pedido por un número dabondo, superando as solicitudes de presidentes autonómicos.

E, señorías, o Goberno de Galicia, que ten que traballar todo o que poida —para iso estamos aquí, insisto, para facilitar a vida dos galegos—, quere ofrecer ese primeiro impulso que necesitan moitos proxectos empresariais para dar apoio a tantas persoas que se están esforzando en emprender e que, en certos momentos da súa vida, cando toman esa decisión, queren ese apoio da Administración para afrontar os desafíos.

Nuns tempos nos que se confunde a acción de goberno coa política electoral, nos que para algúns, despois do curto prazo, non hai nada e nos que algúns gobernos prefiren facer o fácil e populista antes que o correcto, Galicia tamén, no que se refire ao futuro industrial, ao futuro económico, quere seguir sendo unha excepción.

Mentres outros lugares chaman a eleccións simplemente porque non se poden aprobar uns orzamentos, Galicia —e isto creo que é un feito constatable— non convocou eleccións ata contar cunhas contas para o ano 2024.

Aínda que hoxe fose outra persoa a que estivese hoxe aquí falándolles e pedindo a confianza ao Parlamento, esa persoa podía estar presentando a súa candidatura cuns orzamentos aprobados, en vigor, aplicándose e con vixencia durante todo este ano. Esa é a diferenza entre a estabilidade de Galicia e o que se fai noutros sitios. *(Aplausos.)*

Polo tanto, eu estou convencido de que os ritmos da política deben adaptarse aos ritmos da xente, e nunca ao revés. Aprobar uns orzamentos en tempo e forma, algo que aquí xa se converteu afortunadamente en costume, no conxunto de España é unha rareza, e estas rarezas hai que consolidadas. A Xunta quere seguir traballando con eficacia e con capacidade de xestión, que acreditou, por certo, nestes últimos quince anos. Aquí gobernar, e gobernar ben, vai seguir sendo o máis importante.

É importante ser a comunidade autónoma que máis inviste de toda España, que máis recursos orzamentarios adica aos investimentos. É importante ter un déficit —moito máis agora— nove veces inferior á media das comunidades autónomas. Cando se gasta máis do que se ten, que ninguén se equivoque, outros terán que devolvelo, e moitas veces son os que nos seguirán nestas responsabilidades.

Importa tamén ser a comunidade autónoma que menos se endebedou dende hai quince anos, e importa porque isto significa que non estamos a hipotecar a Galicia dos nosos fillos e dos nosos netos. Cada galego debe hoxe 2.240 euros menos que a media do que deben o conxunto dos españois. *(Aplausos.)* Importa, e importa moito —e este é un dato que creo que debe ser



coñecido—, que mentres o Goberno de España, o Goberno central, nos últimos cinco anos e medio subiu 69 veces os impostos, o Goberno de Galicia dende o ano 2009 non os aumentou nunca e baixounos 112 veces. *(Aplausos.)*

Polo tanto, os galegos que fagan estes días a súa declaración da renda van pagar, por exemplo, 500 euros menos que hai quince anos. É unha rebaixa especialmente relevante no contexto actual.

A Galicia de hoxe é unha das comunidades con mellor tratamento fiscal para as rendas baixas. A Galicia de hoxe é a autonomía cos impostos máis baixos para comprar unha vivenda, tanto no rural como para os galegos de menos de 36 anos, as familias numerosas ou as persoas con discapacidade. A Galicia de hoxe é a comunidade na que menos impostos se van pagar pola compra dun vehículo de segunda man —xa este ano 2024—. A Galicia de hoxe é o único lugar de España no que as familias con dous fillos están equiparadas xa, nesta declaración da renda, ás familias numerosas para efectos de IRPF. Un aforro de 250 euros que se vai seguir aumentando, cando se teñan tres fillos, a 500 euros, e con 250 euros adicionais por cada fillo a maiores.

Na Galicia de hoxe o 99,9 por cento das herdanzas do país, das herdanzas que se pagan no país entre pais e fillos, non tributan. Queremos seguir facendo rebaixas de impostos neste eido e, polo tanto, aprobaremos unha nova rebaixa nas herdanzas entre parentes: irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados e xenros. Os chamados colaterais pagarán menos no imposto polas herdanzas a partir do ano que vén. *(Aplausos.)*

Porque, señorías, Galicia vai seguir demostrando que as rebaixas fiscais son compatibles, perfectamente compatibles, cando hai unha boa xestión dos recursos e da Administración pública. E o novo Goberno que terá Galicia quere reflectir tamén na súa estrutura os intereses, os desafíos e as prioridades que imos afrontar na vindeira década.

Nesta comparecencia gustárame avanzarlles algún dos detalles da nova estrutura da Xunta de Galicia que estará en vigor co novo Goberno, se obteño a confianza desta Cámara. Por exemplo, na Presidencia da Xunta, e baixo o paraugas e dependencia directa da Asesoría Xurídica, creárase unha nova dirección de Asuntos Constitucionais, que nestes momentos é moi necesaria, fronte aos ataques, fronte aos cuestionamentos e fronte a todo o que estamos vendo de cuestionamento da Constitución e do Estado constitucional. *(Aplausos.)* Galicia defenderá dende a legalidade a súa normativa e os seus plantexamentos e aportará a unidade do noso país.

Tamén, señorías, as responsabilidades de investigación científica, que agora están concentradas maioritariamente na Consellería de Economía, pasarán a centralizarse na Consellería de Educación. Deste xeito, impulsaremos o I+D+i con selo galego dende un único departamento, o departamento que teña competencias sobre as universidades e sobre os centros singulares de investigación. E así imos conseguir que a ciencia, que sen ningunha dúbida é un elemento tractor da Galicia do futuro —e debe selo moitísimo máis—, conte coa máxima prioridade na estrutura do novo Goberno. *(Aplausos.)*

E tamén —¡como non!— seguirán contando, como ata o de agora, cun tratamento destacado dentro do Goberno os galegos do exterior, aos que tanto lles debemos e nos que tantas es-



peranzas temos postas. A súa pegada polo mundo é unha parte importante do que fomos e do que seremos; explica Galicia a ollos do mundo. Polo tanto, fomentar o retorno, que leva anos sendo un eixo deste goberno —a primeira fase da Estratexia Retorna conseguiu que 30.000 galegos volveran a Galicia—, vai seguir sendo unha prioridade. O próximo obxectivo é que antes do ano 2026 30.000 galegos máis retornen; 30.000 galegos máis que veñen e retornan aquí con todos os seus dereitos, pero que teñen moito que aportar. Queren formarse, seguirán tendo axudas para cursar un máster universitario ou un ciclo de FP, e dende agora tamén un grao universitario. Seguirán tendo axudas cando queiran vir aquí traballar á súa terra e cando queiran emprender; moitos son emprendedores. Os galegos sempre fomos emprendedores e os seus descendentes tamén. E, polo tanto, para mellorar esta vinculación entre o retorno, o emprendemento e o mercado laboral, as competencias de Emigración pasarán a estar na mesma consellería que as de Emprego, sen descoidar, por suposto, os vínculos culturais e sociais coa nosa emigración. *(Aplausos.)*

Señorías, a primeira vez que como membro do Goberno galego me sentei nun Consello de Xunta vin que os retos económicos e de todo tipo da nosa comunidade eran enormes e moi concretos. Había que impedir un rescate, que parecía inminente, e había que preservar o noso sistema financeiro, que, como todos, estaba absolutamente ameazado. E no medio daquela feroz crise económica —ano 2009— había que apoiar en todo o que puidésemos a tantos miles de galegos que perderan ou perderían en datas sucesivas o seu emprego.

Quince anos despois, afortunadamente, a realidade é ben distinta; unha realidade mellor, e este cambio é un mérito colectivo, ao que as institucións públicas simplemente temos a obriga e o protagonismo de acompañar, apoiar e estimular.

E o resultado é que o PIB per cápita de Galicia é o segundo que máis creceu en toda España nestes anos. O resultado é que hoxe en día a economía galega exporta o dobre que hai quince anos —e vimos de superar a última marca, que parecía insuperable, de máis de 30.000 millóns de euros en exportacións—. O resultado é que o paro está en mínimos históricos, caeu un 9 por cento nos últimos doce meses. Non é dabondo aínda, pero imos polo bo camiño. O resultado é que hoxe están cotizando á Seguridade Social 32.000 galegos máis que hai uns anos. E o resultado é que somos a comunidade na que máis creceron os salarios durante estes anos: tres puntos por riba da media nacional.

Polo tanto, a historia de Galicia é un relato de dificultades, pero tamén de superación, polo noso espírito emprendedor e pola determinación que temos ante as dificultades. E, polo tanto, esta vez, como hai que seguir superándose, como segue habendo dificultades, non vai ser distinto. Nin este pobo nin, por suposto, o Goberno da Xunta se vai acomodar en ningún caso. *(Aplausos.)* E iso quere dicir que eu non estou disposto en ningún caso a perder oportunidades que teñen que facer que sexamos un país máis próspero, con máis emprego, a pesar do electoralismo dalgúns o dalgunhas mal entendido. ¡Alá se queren facelo!

Galicia, señorías, pode seguir superándose, ten que seguir superándose. Outros queren facelo tamén. Vivimos nunha competición permanente con outros territorios. E por iso unha das prioridades como presidente da Xunta, unha das principais, vai ser seguir captando investimentos. ¿Para que? Para crear postos de traballo de calidade, para seguir creando riqueza



en Galicia, para que esa riqueza que pode quedar aquí non vaia para outros territorios que non dubidarán en aproveitala.

Témolo todo para seguir medrando: temos recursos naturais, temos unha posición xeoes-tratéxica inmejorable, temos un clima político estable e favorable ao progreso e temos unha poboación cada vez máis capacitada, sempre traballadora e permanentemente comprome-tida.

Nos últimos anos tivemos que aprender que na economía —especialmente nesta, no século XXI— hai un binomio inseparable: industria e enerxía; unha implica sempre a outra. Asis-timos nestes momentos a un intenso debate público —é certo— sobre a convivencia do de-senvolvemento industrial e enerxético e a conservación do noso patrimonio natural; é un debate lóxico, un debate perfectamente normal. Todas as enquisas sitúan sempre o emprego e o medio ambiente entre as maiores preocupacións dos galegos. Pero isto non quere dicir, señorías, e nin eu, dende logo, nin o meu Goberno podemos asumir nin compartir que se queira enganar ou manipular a sociedade galega presentando unha disxuntiva que é falsa: ou industria ou medio ambiente. Eu digo: industria e medio ambiente, (*Aplausos.*) as dúas cousas. E, por suposto —por suposto— que non vai saír adiante, en ningún caso e baixo ningún concepto, ningún proxecto empresarial que sexa incompatible coa preservación do medio ambiente. A Xunta sempre someteu —e vaino seguir facendo— as iniciativas empre-sariais a un escrutinio moi estrito de técnicos independentes, obxectivos e perfectamente capacitados. Sábeo calquera empresa que presentase un proxecto. Hai que garantir a pre-servación do noso patrimonio, pero tamén hai que garantir que as empresas que cumbran poidan ter futuro.

Logo, eu non penso transixir, nin o meu Goberno pensa transixir, posturas populistas que consideran que ningún proxecto industrial nin enerxético pode saír adiante nunca en Galicia. A miña postura, que estou seguro que é compartida por moitísimos galegos —algúns a ex-presan con máis vehemencia que outros—, é que Galicia debe dar a benvida a todo investi-mento que sexa viable, a todo investimento que cree emprego e que cree riqueza, pero a todo investimento —niso insisto: é condición indispensable— que respecte a nosa contorna e cumpra escrupulosamente coa lexislación vixente.

Non nos equivoquemos, señorías, aquí o que está en xogo non é o proxecto de ningunha empresa concreta, nin sequera dunha serie de empresas concretas; aquí o que está en xogo é a política e o futuro de Galicia. E, polo tanto, todas as iniciativas empresariais suman, e temos a obriga de apoialas, se cumpren, e a obriga de rexeitalas, se non cumpren —nin máis nin menos—; e isto é o que imos facer. (*Aplausos.*)

E, cando por ideoloxía se responde sistematicamente «non» a toda iniciativa empresarial, é porque a prioridade non é, nin nunca foi, o progreso de Galicia. Eu creo que non fai falla recordar a benvida que se dispensou no seu momento, por exemplo e sen ir máis lonxe, á planta de San Cibrao, isto é, á planta de Alcoa. Son os mesmos que agora piden a súa inter-vención urxente para manter a súa viabilidade —¡os mesmos!, ou os seus sucesores—. Estes postos de traballo, que hoxe sabemos esenciais —que o son— para a Mariña e para toda a provincia de Lugo, nunca se terían creado se a «confraría da perpetua negativa» se tivese



saído coa súa. Para non falar da navallada na terra con que se quería impedir que se construíse unha autopista pola cal os que naquel momento querían impedilo agora circulan con toda a normalidade. Polo tanto, señorías, pretender levantar un muro ante calquera nova proposta industrial poida que algúns ou algunhas consideren que é unha proposta política lexítima. Eu, dende logo, creo que en ningún caso pode considerarse nin progresista, nin útil, nin viable para o futuro da Galicia que espera traballar con postos de calidade aquí, na nosa terra; eu téño clarísimo. (*Aplausos.*)

E, polo tanto, señorías, falaba de que —e creo que é o momento, neste discurso, de poñer pactos— tempo haberá durante a lexislatura de saber onde estamos cada un, as responsabilidades e as consecuencias. Pero gustaríame, no inicio desta lexislatura, poder tecer neste Parlamento un primeiro e amplo consenso sobre os asuntos que forman parte da nosa columna vertebral económica, sobre o noso futuro, sobre o futuro de moitas familias e moitos empregos que están en xogo e que outros queren para si noutros territorios. Polo tanto, hoxe téndolles a man para chegar a un pacto pola industria e pola enerxía que permita prosperar a Galicia na vindeira década, nin sequera nesta lexislatura, na vindeira década. Gustaríame que todos os partidos con representación parlamentaria puidesen facer as súas propostas en materia económica e poñernos de acordo; e, unha vez que nos poñamos de acordo, puidésemos respectar ese acordo —iso si—, sempre traballando dende a obxectividade e nunca dende a demagogia nin dende a ideoloxía nin dende os plantexamentos electoralistas.

Hai que ser realista —realista en positivo—, responsable, afastado —como dicía— da demagogia. Isto require, dende logo, máis esforzo e máis reflexión que as posturas fáciles consistentes en dicir que non, pero tamén son moito máis útiles para a nosa terra. Isto é, alternativas que fuxan das eternas negativas. E, para iso, as liñas estratéxicas de partida que lles proponho neste pacto —e que a maioría xa son coñecidas— nacen do convencemento dunha experiencia de goberno, e do convencemento, a través desa experiencia de goberno, de que a Administración debe ser facilitadora e acompañar os proxectos que cumpren e respectan o medio ambiente, e que respecten a normativa, logo dun exhaustivo exame de técnicos independentes, como os da Xunta —que o son, sen ningunha dúbida—.

Polo tanto, proponho que tramitemos, no prazo máximo dun ano, todos os proxectos que creen, como mínimo, 25 ou máis empregos e que traian consigo o investimento mínimo de 2 millóns de euros. Xa ven que non somos moi ambiciosos; haberá proxectos de moitos máis cartos, pero partamos dunha base realista e asumible. E se non cumprimos, que lles indemnicemos aos promotores que, sen culpa, ven como non se cumpre ese prazo máximo dun ano. Para iso avanzo distintos cambios nas estruturas: as competencias de ordenación do solo industrial —ata agora vinculadas a urbanismo— pasarán a integrarse na Consellería de Industria para garantir que ningún proxecto viable en Galicia que cree postos de traballo non poida converterse en realidade por falta de solo industrial. (*Aplausos.*)

Propoño tamén que demostramos con palabras os compromisos. Moitas forzas políticas énchense a boca falando da colaboración público-privada; pois ben, dou exemplos prácticos para demostrar se é así. Eu proponho a creación dun fondo público-privado, cun capital inicial de 300 millóns de euros para dar impulso e financiamento ás iniciativas empresariais máis



prometedoras dende o punto de vista da creación de postos de traballo e de consolidación de vías industriais.

E no ámbito enerxético, propoño que sigamos consolidando algo que xa existe: a sociedade Recursos de Galicia, na cal participan moitos investidores galegos que nada teñen que ver coa promoción enerxética pero que queren apostar pola nosa terra. Este é un instrumento pioneiro, non existe en ningunha outra comunidade autónoma. Xa está constituído, e o que fai falta agora é impulsalo para conseguir asentamentos no territorio e para conseguir beneficios directos para os habitantes que están nos territorios onde se aproveiten os recursos naturais.

Sobre estas premisas, señorías, e sobre moitas máis que iremos perfilando durante os vindeiros meses, agardo e agardamos as súas achegas. Estou seguro de que, se todos estamos de acordo en consensos básicos, podemos sumar e podemos conseguir unha mellor Galicia, tamén industrial e económica, que é tanto como dicir unha Galicia de futuro. Estou convencido de que Galicia ten potencial para liderar moitas cousas neste eido. As enerxías verdes, que xa están aquí para quedar e que van ter un desenvolvemento extraordinario en moi pouco tempo, son un potencial enorme ideal para Galicia. Polo tanto, nós temos a responsabilidade de aproveitar estas oportunidades e tamén de conseguir que ese desenvolvemento e eses beneficios se repartan directamente —para iso é esa sociedade, entre outros instrumentos— na sociedade galega, e especialmente nos lugares onde se asenten estas instalacións.

Dende a invasión rusa de Ucraína, sabemos mellor que nunca que os recursos enerxéticos son fundamentais para definir o destino dos países. E é certo que estamos inmersos nunha transición enerxética que é imparabile en todas as partes, e, por suposto, tamén en Galicia. Polo tanto, non imos, e non podemos, quedar atrás. Iso si, hai que incorporalo á nosa maneira e con todas as garantías. Por tanto, Galicia non vai ser parte do problema do cambio climático, ao contrario, está sendo parte da solución: somos a segunda comunidade que máis reduciu as emisións nas últimas tres décadas. E agora queremos ser claves para ese futuro verde, para esa solución verde que en Galicia ten moitísimas posibilidades de asentarse.

Por tanto, para centralizar e reforzar toda a tramitación complexa, necesaria, garantista e rigorosa que hai que facer para autorizar este tipo de proxectos, anúnciolles que no vindeiro Goberno —que empezará a funcionar a partir da semana que vén— todas estas competencias van estar residenciais e agrupadas nunha única consellería: a Consellería de Medio Ambiente, que velará, aínda máis se cabe —creo que xa non é posible, pero velará, polo menos para manter o nivel estrito que temos ata agora—, pola exixencia en canto ao cumprimento da normativa, e tamén garantirá a máxima axilidade, que tamén é moi importante nestes casos. (*Aplausos.*)

E, por suposto, ademais de seguir defendendo a incorporación de Galicia á Rede española de hidrodutos, na cal nos querían fóra e afortunadamente conseguimos evitalo —o hidróxeno verde, isto é, a enerxía do futuro, na cal Galicia tamén ten moitísimas posibilidades—, quero tamén deixar unha cousa clara: hai que avogar por un despregamento racional e consensuado da enerxía eólica mariña. Veremos tamén o que pensan os grupos desta Cámara. Nós,



dende logo, témolo claro: hai que velar en todo momento por que sexa compatible coa preservación dun dos nosos maiores recursos, que son os recursos pesqueiros. Témolo clarísimo, pero tamén temos claro que fronte a posturas demagóxicas, fronte a posturas irresponsables, estamos ante unha oportunidade que Galicia nin pode nin vai deixar pasar; e témolo clarísimo. (*Aplausos.*) E, por descontado, señorías, defenderemos o futuro enerxético e económico de Galicia no campo político, por suposto, fronte aos que queiran facer política con este tipo de plantexamentos, e tamén, por suposto, no campo xudicial, cando sexa necesario, como é no momento actual

Contamos coa seguridade que ofrece o traballo feito con rigor, e reivindico unha vez máis o traballo dos técnicos independentes da Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) que contan, ademais —e hai que dicilo moitas veces—, co aval do Tribunal Supremo. Polo tanto, señorías, nin a min nin a ningún membro do meu Goberno nos van nunca escoitar —e agardo que tampouco do meu partido—, criticar, faltándolles ao respecto —como si que escoitamos ás veces—, as decisións xudiciais nin os que as toman, pero, dende logo, imos utilizar todas as armas xurisdiccionais á nosa disposición. Recorreremos con todo o rigor e con toda a firmeza cando non esteamos de acordo coas decisións xudiciais, decisións xudiciais que entendemos que neste momento están poñendo en risco o futuro económico de Galicia.

Señorías, unha Galicia que medra é unha Galicia que crea oportunidades para asentarse aquí, para traballar con dignidade. Esa é a Galicia que eu quero; esa é a Comunidade pola cal me presento, pola cal presento a miña candidatura para presidir o Goberno de Galicia e pola cal quero traballar. Os apoios da Xunta aos emprendedores autónomos teñen que ser fundamentais. Eles son os que constrúen Galicia, dende os máis pequenos —pasando polos que crean un, dous, tres postos de traballo ou máis— ata as grandes empresas. Por iso, para atender ese tecido enorme de autónomos e de pequenas empresas que hai en Galicia e que moven a nosa economía, imos simplificar e unificar nesta lexislatura todas as convocatorias de axudas destinadas a eles —que son moitas—. Os 60 millóns de euros que destinamos cada ano aos autónomos deben ser sinónimo de facilidades, sinónimo de estímulo para os seus destinatarios. Hai que eliminar, dunha vez por todas, eses trámites engorrosos que o que fan é quitarlles tempo para atender os seus negocios e, moitas veces, desanimalos para pedir as axudas. En Galicia, todo será moito máis fácil a partir de agora. (*Aplausos.*)

E, polo tanto, para apoiar as persoas que queiran facer realidade a súa idea de negocio neste 2024 xa e durante toda a lexislatura, os galegos que se dean de alta como autónomos non pagarán nin un só euro de cota; vaina asumir a Xunta de Galicia, é dicir, os galegos cos seus impostos. Na convocatoria deste ano xa hai máis de cinco mil emprendedores galegos que solicitaron estas axudas, o que dá idea da súa oportunidade.

E, por suposto, o Goberno galego ten que estar a carón de sectores fundamentais para Galicia, para a súa economía e tamén —por que non dicilo— para a nosa identidade; sectores que nos definen, que nos identifican e marcan o noso devir dende hai moitísimo tempo. Estou falando do sector primario, do rural e do mar.

Está claro que quen mellor coñece as singularidades do campo galego son precisamente os que levan xeracións traballando, construíndo o campo galego. Polo tanto, hai que seguir loi-



tando por axustar a PAC á nosa forma de ser e de traballar, que é singular e ten que ser compatible —é— coas axudas europeas. Hai que reducir tamén a burocracia o máximo que sexa posible, hai que reducir as desigualdades, que nos poden impedir competir en igualdade de condicións.

A nosa prioridade vai ser seguir mobilizando terras, coa Lei de recuperación de terra agraria, que ten que cambiar a mentalidade —xa se está cambiando— e vai ter sen ningunha dúbida un impacto moi positivo, e tamén coas concentracións parcelarias.

Nos vindeiros catro anos queremos pechar os procesos de mobilización de 65.000 hectáreas de terra agraria e mobilizar 50.000 hectáreas que agora están abandonadas e non son produtivas, para convertelas en parcelas produtivas.

E tamén seguiremos apostando por unha produción agroalimentaria da máxima calidade, como se identifica o que se fai en Galicia, que estea ordenada a través de estratexias sectoriais; 10 millóns de euros para a súa promoción, que son absolutamente rendibles.

E tamén queremos nesta lexislatura destinar máis de 80 millóns de euros a profesionalizar as explotacións, seguir profesionalizando as explotacións, seguir facilitando a remuda xeracional e, polo tanto, favorecer a súa competitividade.

O rural galego é excelencia, e temos que seguir co seu fortalecemento, e polo tanto impulsaremos o Banco de Explotacións para facilitar o que dicía antes, o relevo xeracional; 4.500 incorporacións de mozos e mozas nos últimos anos á actividade agraria. Hai que seguir por ese camiño.

E tamén hai que activar un equipo de alertas temperás para previr novas enfermidades animais e vexetais, para que todo iso non impida ou non quebrante a boa marcha dunha explotación, con todo o esforzo que iso supón.

E no ámbito forestal, tan importante para Galicia, hai que seguir apostando por aumentar a extensión das especies coníferas e frondosas, as que nos identifican. E tamén para promover a utilización da madeira, que ten moitísimas posibilidades dende o punto de vista económico, impulsaremos que as edificacións contén cunha porcentaxe mínima dun 20 por cento de madeira, empezando polas edificacións que promova a propia Xunta de Galicia, e seguiremos despois estendendo o seu uso en todo tipo de edificacións, tamén no sector privado.

Seremos tamén a primeira comunidade autónoma en regular un mercado voluntario de créditos de carbono. E por suposto queremos seguir tendo un monte galego ben protexido. Hai que avanzar na súa ordenación, que tamén é fundamental para a prevención de lumes.

Seguiremos fortalecendo o noso sistema de extinción de lumes. Este mesmo ano empezan a aumentarse os contratos dos traballadores, que pasarán de seis a nove meses. E tamén dúas novas leis contribuirán a este obxectivo: a lei para a loita contra incendios e a lei que regulará os montes veciñais en man común, que creo que cada vez é máis necesaria, por moitísimas razóns. *(Aplausos.)*



E no que se refire ao noso mar, señorías, imos ampliar a aposta pola cadea mar-industria, tan potente e tan forte en Galicia, e seguir velando por potenciar o I+D+i mariño.

Dicía noutro momento anterior da intervención a concentración das competencias en investigación. Os nosos centros son vangarda a nivel nacional e internacional, e hai que seguir potenciándoos, tamén en investigación mariña.

Hai que seguir acompañando o sector pesqueiro, que necesita ser acompañado, e o sector marisqueiro, nas súas xustas reivindicacións e demandas. E, polo tanto, hai que seguir defendendo ante as institucións europeas que se revise a política pesqueira común, que se vele pola ampliación das cotas da pesca, tendo en conta ademais esa dobre vertente do sector, ao que por unha banda hai que asegurar o aproveitamento sostible dos caladoiros pero tamén garantir a protección do medio ambiente.

Polo tanto, non se pode, contrariamente ao que algúns defenden, sacrificar o primeiro por unha maneira errada de entender o segundo. Isto o único que vai provocar é que se traslade a outros lugares a pesca, onde as garantías medioambientais son menores.

Polo tanto, sexamos racionais, sexamos lóxicos e defendamos o noso sector diante de Europa, empezando pola unión que ten que haber aquí en Galicia para telo clarísimo. *(Aplausos.)*

E, dende logo, se queremos que Galicia siga sendo a potencia pesqueira que sempre foi, hai que seguir apostando pola modernización da frota e das empresas do sector, todas esas excelentes empresas, moitas delas con moitísima tradición e con base familiar, que se dedican á industria alimentaria con base nos produtos marítimos.

O récord do ano 2023, cando vendemos ao exterior produtos do mar por valor de case 3.000 millóns de euros, aínda non é o noso teito —estou convencido— e, polo tanto, seguiremos apoiando todo o que teña que ver coa súa promoción.

E, señorías, cando dicimos que Galicia é o mellor lugar de España para nacer e para vivir, estamos falando moito máis que dun slogan publicitario, e non queremos ser chauvinistas; é que é unha realidade; é a constatación de que en Galicia, na nosa Terra, hai calidade de vida.

Recentemente coñecemos o dato de que somos a Terra con maior número de centenarios. A lonxevidade todos estaremos de acordo en que é unha das evidencias máis claras dunha sociedade próspera. E hai que dicir unha serie de datos que desmenten algunhas afirmacións interesadas e falsas.

Dende o ano 2009 chegaron a Galicia 87.000 persoas máis das que se marcharon; 33.000 das que chegaron eran menores de 30 anos. O último saldo migratorio publicado polo Instituto Nacional de Estatística é o máis positivo dende que existen datos que se publican. E isto hai que dicilo. Hai que intentar que a xente que queira quedar a traballar en Galicia poida facelo. Por iso ese pacto industrial que lles propoño.



Pero tamén hai que atraer xente. Pódese falar do reto demográfico teorizando ou poden tomarse medidas que o fagan efectivo. Por iso esa proposta de cambio de estrutura orgánica vinculando o retorno ao emprego. (*Aplausos.*) E, ao final, as cifras, se facemos as cousas ben, seguirán desmentindo as mentiras que se contan a este respecto.

Hoxe as galegas e os galegos temos a educación infantil totalmente gratuíta, os únicos en toda España. Isto supón un aforro de 3.000 euros de media por familia.

Seguimos tendo o calendario de vacinación infantil máis completo do mundo nalgunhas vacinas. Os nenos e nenas de Galicia están máis protexidos que en ningunha outra parte. Fomos pioneiros, como saben, a nivel mundial na vacina contra o virus da bronquiolite, cos resultados positivos que estamos experimentando. E nestas últimas semanas demos un paso máis coa incorporación da vacina intranasal contra a gripe para os máis pequenos.

Contamos con servizos de conciliación nos concellos máis pequenos, que están sendo xa imitados noutros lugares.

E nesta lexislatura Galicia quere seguir explorando fórmulas para favorecer as persoas que queren ter fillos. Imos dar o maior impulso ás técnicas de reprodución asistida dende a sanidade pública. Queremos elevar ata os 45 anos o acceso á fecundación *in vitro* e queremos eliminar o límite dun fillo que existía ata o de agora, para que o acceso a esta fórmula sexa moito máis xeral e moito máis fácil, e queremos abrir a todas as galegas a posibilidade de conxelar óvulos na sanidade pública. (*Aplausos.*)

Seguiremos tamén, señorías, explorando novas fórmulas para mellorar a conciliación e a flexibilidade horaria. Queda moito por facer nestes campos.

Todos os expertos coinciden en que a etapa clave para garantir a plena igualdade de oportunidades é precisamente a etapa máis temperá, a primeira infancia. Por iso é tan importante ese dato que di que Galicia é líder en escolarización na etapa de 0 a 3 anos.

O ensino galego demostrou nestes anos ser un dos máis eficaces para que as nenas e os nenos de Galicia poidan ter o mellor dos futuros.

Xa somos líderes nacionais en equidade e en competencia científica no eido da educación e estamos tamén por riba da media dos países desenvolvidos en materias tan importantes como as matemáticas e a comprensión lectora.

Hai que seguir traballando para seguir mellorando. Nos vindeiros anos poremos en marcha iniciativas como os polos creativos, seguiremos contratando máis profesores de apoio, seguiremos establecendo programas de fomento de apoio á lectura, do plurilingüismo, e de orientación e apoio familiar.

E neste arranque de lexislatura xa poremos á disposición dos fogares unha medida pioneira: axudas para que as nenas e os nenos vaian a actividades extraescolares e clases de reforzo, con cargo ao erario da Xunta de Galicia, pagado cos impostos de todos os galegos. (*Aplausos.*)



Porque, señorías, os resultados están á vista de todos, e hai que seguir por ese vieiro. Galicia reduciu o abandono escolar á terceira parte; pasamos en poucos anos do 26 por cento a menos do 9 por cento. Galicia elevou o investimento por alumno ata os 9.000 euros nas zonas rurais e 7.000 nas zonas urbanas, cifras que nos sitúan no grupo cabeceiro en España.

E Galicia consolidou un ensino integrador. Creo que isto é fundamental e fala moi ben do noso sistema público de ensino. O 94 por cento do alumnado con necesidades educativas especiais vai a centros ordinarios e os que teñen que recorrer á educación especial teñen máis profesores por alumno que en ningunha outra comunidade autónoma.

E Galicia vai seguir crendo no plurilingüismo, e por iso nestes anos multiplicouse por dez, nada máis e nada menos, o número de alumnos e alumnas que participan neste tipo de ensino. E como resultado aí están os estudos independentes, que acreditan que estamos entre as mellores comunidades autónomas en canto ao nivel de inglés do seu alumnado.

E Galicia cre tamén na educación dixital, e por iso na lexislatura que acabamos de pechar investimos 120 millóns de euros en material dixital para o ensino, e por aí imos seguir; iso si, sen prexuízo de seguir velando por limitar e regular o uso das pantallas das novas tecnoloxías nas contornas de lecer.

E Galicia, por suposto, cre na convivencia escolar, algo fundamental, e as familias que teñen algún problema neste eido coñéceno de primeira man. E por iso teremos como prioridade a detección e eliminación do acoso e do ciberacoso, con protocolos de actuación e formación aos docentes e tamén ás familias, para que todos estes protocolos pasen do papel a ser eficaces.

E seguiremos crendo nos nosos docentes, que son o piar, sen ningunha dúbida, dun sistema educativo que se supera cada día. Por iso hai poucos meses sacamos adiante un amplo acordo sindical para mellorar as súas condicións laborais —absolutamente merecido este acordo—, para eliminar burocracia, para reforzar a atención á diversidade e para reducir a ratio de alumnos por clase.

E Galicia vai seguir crendo na súa formación profesional; é algo fundamental. Ningún país desenvolvido que queira ter futuro económico e industrial pode descoidar a súa formación profesional.

Hai hoxe 25.000 alumnos e alumnas máis matriculados na FP que no ano 2009, un 70 por cento máis. E nesta lexislatura seguiremos por este camiño, seguiremos reforzando a nosa formación profesional e poñeremos en marcha novos plans. O FPGal360, dirixido especialmente a reducir ao mínimo o abandono escolar, a non dar ningún alumno ou alumna por perdido dende o punto de vista da súa educación, polo menos unha base que lles permita afrontar os retos da vida. E tamén co Plan Conecta FP, que busca ampliar aínda máis os vínculos cun tecido produtivo que reclama un persoal formado, que a formación profesional pode e debe darlle; conectar as necesidades laborais coas ofertas formativas dende o ensino público.

E Galicia, por suposto, cre tamén na súa universidade. Fronte á colaboración —creo que exemplar— que vimos observando estes anos cos máximos responsables das universidades,



queremos seguir por ese camiño, queremos seguir facendo universidade, non só excelente senón absolutamente accesible e igualitaria, e por iso xa dende este mesmo curso escolar que empezará en setembro imos facer realidade un compromiso electoral. Como todos, será realidade. Este será co inicio do curso, e faremos que o ensino superior, o ensino universitario, sexa cen por cen gratuíto para aqueles alumnos que se esforcen e vaian superando as materias. *(Aplausos.)*

Galicia, señorías, cre na súa xuventude, ¿como non vai crer se é o futuro, a esperanza, os que teñen que seguir construíndo Galicia? Polo tanto, hai que escoitar a súa voz e darlles a importancia que teñen, tamén dende o punto de vista político na estrutura do próximo Goberno. Hai que comprender os seus problemas, hai que darlles solucións. Iso ten que seguir sendo sempre unha prioridade.

E para axudar os nosos mozos e mozas a facer o seu propio camiño, neste mesmo ano abriremos novas oficinas especializadas na orientación xuvenil, que van funcionar como ventá única, para que poidan acceder a todos os servizos de asesoramento, de apoio, de axuda, de orientación que ofrece a Xunta de Galicia.

E tamén ampliaremos as prazas de residencias xuvenís para mozas e mozos galegos que estudan un ciclo superior de FP ou un grao universitario.

É parte do problema, ao que agora me referirei, do acceso á vivenda, aínda que sexa unha necesidade temporal. Decía que a vivenda é algo fundamental. Somos especialmente conscientes das enormes dificultades que hai agora mesmo, que padecen moitas galegas e galegos, como en toda España, especialmente os máis novos, pero non só eles, para acceder a unha vivenda.

Durante estes anos facilitaremos que todas as persoas, con independencia da súa situación persoal, xeográfica ou laboral, poidan acceder a unha vivenda. Foi unha das nosas grandes prioridades. Nesta lexislatura ten que selo aínda con moita máis forza.

Está claro que é a fórmula máis eficaz, fóra de teorías —escóitanse moitas teorías sobre que hai que facer para afrontar o problema da vivenda—, é ir á realidade e ser eficaces. O camiño non é outro que incrementar o número de vivendas á disposición dos que necesitan e buscan unha vivenda. Nesta liña van moitas das medidas que xa estamos desenvolvendo: flexibilización das condicións para a habitabilidade dos baixos e seguridade dos propietarios que desexan alugar pero teñen medo a unha ocupación. Todo isto xa o estamos abordando e hai que seguir perseverándoo.

Tamén hai que seguir desenvolvendo solo residencial, con vivendas de alugueiro accesible; rebaxar ata o tres por cento o imposto de transmisións patrimoniais para a compra de vivenda por parte das familias monoparentais, por exemplo.

Pero, por riba de todo —como decía—, hai que duplicar o tamaño do parque público de vivenda: das tres mil oitocentas vivendas que hai hoxe, hai que chegar en catro anos ás oito mil á disposición dos galegos e das galegas que as necesitan. *(Aplausos.)* As primeiras tres-



centas setenta e cinco están a piques de empezar a súa construción, e seguiremos xa neste mesmo ano dándolles comezo a novas promocións.

A mellor política de vivenda —como dicía— é aquela que se basea en realidades, non en prometer cousas que nunca se cumpren, falar de planificacións que nunca pasan do papel; é dicir, que os demais teñen que facer, mentres que os que poñen deberes nunca fan nada. Iso en materia de vivenda nin en nada nunca verán que o faga a Xunta de Galicia.

E nesta lexislatura, señorías, a Xunta tamén ten que seguir reforzando unha sanidade pública que nos permitiu —xa nos esquecemos afortunadamente, do malo sempre intentamos esquecernos o máis rápido posible— superar a situación sanitaria durante a pandemia. Creo que a sanidade pública galega demostrou o nivel de excelencia que nos permitiu superar con mellores datos e con mellor situación que outras comunidades autónomas esa enorme proba.

Nunca poderemos dicir que a sanidade pública non ten defectos, porque por suposto que os ten. ¿Como non vai telos un servizo público fundamental que afecta tanta xente? Pero, dende logo, si podemos afirmar —e eu fágoo— que o Servizo Galego de Saúde, a sanidade pública galega, acreditou a súa capacidade para estar á altura dunha sociedade que é moi exixente, e ten dereito a selo, respecto da calidade da asistencia sanitaria. Temos unha excelente sanidade pública en Galicia, ¡sen ningunha dúbida! (*Aplausos.*)

E para demostralo, señorías, ademais dunha boa xestión fundamental, hai que implicarse con recursos económicos. Galicia vai investir na súa sanidade pública cinco mil setenta millóns de euros neste exercicio orzamentario 2024, que xa está en vigor. Son mil catrocentos millóns de euros máis que no ano 2009. E os hospitais e os centros de saúde de Galicia contan no día de hoxe cun cadro de persoal de corenta e tres mil duascenas persoas, sete mil máis que hai quince anos. E hai que seguir aumentando este persoal.

Os froitos desta aposta decidida creo que os perciben día a día os cidadáns que recorren aos servizos sanitarios. Construíronse e melloráronse un centenar de centros de saúde, cento sesenta millóns de euros de investimento. Creáronse dous novos hospitais punteiros en Lugo e en Vigo. Emprendéronse reformas de moitísimo calado en todos os demais; está a piques de rematarse, por exemplo, a construción do novo Montecelo, en Pontevedra. Instaláronse equipos de alta tecnoloxía sanitaria en todos os hospitais galegos: o sistema Hi-Fu, e sen ir máis lonxe, o robot Da Vinci, que está en todas as áreas sanitarias, e o centro de Protonterapia, cuxa construción empezou no día de onte aquí na cidade de Santiago e que nos vai converter na primeira comunidade autónoma en telo en funcionamento no ano 2026.

Máis de duascenas mil persoas se beneficiaron da regulación de tempos máximos para probas, primeiras consultas e intervencións, e reducíronse as listas de espera. Fronte aos datos terxiversados que ás veces se dan, a realidade di que existen vinte e catro días menos en Galicia que a media nacional para a primeira consulta hospitalaria: sesenta e tres en Galicia, oitenta e sete en España. E somos a segunda comunidade autónoma máis rápida para as operacións cirúrxicas: sesenta e seis días en Galicia, corenta e seis menos que no conxunto de España.



Insisto: hai que seguir mellorando, non podemos nin moito menos darnos por satisfeitos con estes datos, e a iso imos dedicarnos nesta lexislatura. Pero o certo é que Galicia é a segunda comunidade autónoma na que a xente, os galegos e as galegas, mellor valoran a súa sanidade pública: dez puntos por riba da media nacional. Señorías, ¡por algo será!, sen ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

E fronte a todos os retos que ten a nosa sanidade pública, sen dúbida, non é un reto menor o reto da prevención, poñer a ciencia e a tecnoloxía ao servizo da detección precoz das doenzas. Isto sempre é rendible dende todos os puntos de vista. Polo tanto, implantaremos nesta lexislatura en toda Galicia os cribados de cancro de pulmón e de cancro de próstata, que están agora mesmo en fase piloto, e queremos estendelos e xeneralizalos a toda a poboación.

Introduciremos tamén programas de cribado xenético das doenzas que teñan unha compoñente hereditaria, ao abeiro dun programa que vai recompilar o ADN de máis de catrocentos mil galegos. Deste modo, vaise poder actuar de xeito preventivo contra moitas doenzas, especialmente e como exemplo o cancro de mama.

Tamén miraremos pola opción de hábitos saudables —importantísimos na prevención de enfermidades e na súa redución—, especialmente entre a xente máis nova. A futura lei de protección da saúde dos menores dará resposta a fenómenos sociais como as bebidas enerxéticas e os vapeadores. E tamén seguiremos con medidas de reforzo, como o Bono Deporte, de tanto éxito, adoptado en meses recentes, que demostrou que a xente quere ter unha vida saudable e que o que hai que facer dende administración é estimulala. O cheque para que os maiores fagan deporte, que poñeremos en marcha nesta lexislatura, vai tamén por esa liña.

Traballaremos tamén, por suposto, para que a poboación galega se beneficie dos últimos avances na medicina oncolóxica, custosos pero moi necesarios. O futuro centro de fabricación de terapias celulares avanzadas vai permitir elaborar en Galicia fármacos personalizados, os chamados CAR-T. Os fármacos máis avanzados para a loita contra o cancro empezarán en moi pouco tempo a producirse e a administrarse aquí en Galicia. *(Aplausos.)* Ao longo desta lexislatura, as galegas e os galegos, señorías, que necesiten un tratamento oncolóxico van poder recibir cada vez máis preto das súas casas, cos novos hospitais de día en Cee e na Barbanza, por exemplo, e nunhas condicións máis acolledoras, coa humanización de todos os espazos de espera e de administración de terapias que existen nos hospitais públicos.

Tamén a sanidade galega ten que facer fronte a un reto crecente, unha das grandes asignaturas pendentes de todas as sanidades públicas en todas partes, unha das grandes preocupacións sociais do noso século, estou falando da saúde mental. Ampliáronse as plantillas para a saúde mental recentemente nesta última lexislatura, e por aí seguiremos. Á parte de aumentar as plantillas de psiquiatras e de todos os que teñen que ver coa atención á saúde mental, contaremos nesta lexislatura cun novo plan que incorporará psicólogos clínicos aos centros de saúde, de xeito que poidan apoiar as persoas que necesitan reducir na medida do posible o consumo de psicofármacos; psicólogos nos centros de saúde a través dun plan que se estenderá nesta lexislatura. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, correspóndenos facer a nosa parte na sanidade pública, por suposto, coas competencias que temos, que son moitas e moi complexas. E facendo a nosa parte te-



remos todo o dereito a exixir que os demais fagan o mesmo. Todos sabemos que a falta de médicos en certas especialidades segue a ser o gran problema para o futuro da sanidade pública en España. Onte mesmo viamos como as persoas que superaron o MIR elixían praza e esa competencia entre comunidades autónomas para acadar prazas. Por certo, Galicia foi elixida por médicos excelentes con moi boas notas no MIR. Iso tamén fala da excelencia da nosa sanidade e de que sexamos un lugar de preferencia. Pero queremos seguir séndoo. Non hai médicos dabondo nalgunhas especialidades, especialmente na medicina primaria. Por iso volvemos insistir ao Goberno central para que poña en marcha as medidas necesarias para resolver este problema, que só están na súa man. Hai que flexibilizar dunha vez os criterios de acreditación de unidades docentes para facilitar que se poida impartir docencia en Galicia en lugares onde agora mesmo non se pode porque non se flexibilizan estes criterios. Hai que adecuar o sistema MIR á realidade dos recursos humanos da sanidade pública. Hai que aprobar definitivamente a especialidade de Urgencias. ¿Canto tempo levamos reclamándoo xunto cos profesionais de Urgencias? ¿Cantas promesas, cantas proclamas e canta lentitude para facelas efectivas? E hai que iniciar os trámites para crear a especialidade de Medicina Xenómica.

Insisto: a Xunta fixo a súa parte, fixemos todo o que a normativa permitía. Ese sistema pioneiro que agora vai ser imitado noutros lugares de cobertura polo sistema de concurso de prazas de difícil cobertura permitiu que cincocentas trinta destas prazas xa teñan un profesional que as estea atendendo. E nos vindeiros anos seguiremos por esta liña para responder con axilidade, con imaxinación e con esforzo ás necesidades da sanidade pública en Galicia. Por aí seguiremos. *(Aplausos.)*

E, ¿como non, señorías?, o próximo Goberno da Xunta de Galicia ten que seguir dedicando un especial esforzo a atender os nosos maiores, aos que a Galicia de hoxe lles debe tanto e dos que tanto pode seguir esperando a Galicia de mañá. Hai que abordar a vellez, por suposto, fuxindo da condescendencia, fuxindo das tentacións idadistas e fuxindo tamén da infantilización coas que ás veces se abordan os problemas da xente maior. Hai que preguntarlle a cada galego como quere pasar esta etapa da súa vida e ofrecerlle alternativas para que, na medida do posible, poida facer realidade a súa opción. E hai que facelo tamén coa máxima axilidade e reducindo os prazos de valoración e os trámites que deben facer para optar a estas axudas e a estas asistencias. Dende o ano 2009, Galicia triplicou as prazas de residencia sostidas con fondos públicos, ata chegar ás quince mil actuais. Hai que seguir —e saben vostedes que era un compromiso que estamos cumprindo— aumentando as prazas. E nos primeiros cen días de goberno imos poñer en marcha outras mil novas prazas públicas á disposición dos nosos maiores, *(Aplausos.)* tanto en residencias como en centros de día.

E aquí quero volver facer un recoñecemento público ao traballo, á aportación da Fundación Amancio Ortega. Acabamos de inaugurar dúas excelentes residencias en Santiago e en Lugo, que poñeremos inmediatamente á disposición dos usuarios galegos.

Tamén neste ano inauguraremos en Santiago o primeiro centro de coidados intermedios público de España, destinado á xente maior que despois de recibir un alta hospitalaria aínda non está en condicións de acudir ao seu domicilio. Polo tanto, terá á disposición este novo recurso.



E continuaremos, por suposto, co despregamento do bono universal de cinco mil euros ao ano para os galegos dependentes que prefiren permanecer na súa casa, para que poidan ter a axuda dun coidador.

Tamén nos centraremos en detectar e paliar un dos fenómenos sociais máis tristes que máis se están estendendo e que máis pronto debemos atallar, que é a soidade non desexada, especialmente entre as persoas maiores. A iso dedicaremos tamén un esforzo moi importante nesta lexislatura.

Seguiremos, por suposto, traballando por unhas persoas das que cada día aprendemos moitísimas leccións, e estou falando das galegas e dos galegos que teñen algunha discapacidade. Hai que traballar pola plena inclusión en todos os eidos: por suposto, nas aulas; por suposto, no emprego público e tamén no privado, e tamén, por suposto, proporcionarlles servizos especializados aos que os precisen. Creo que aquí os concertos sociais —moi demandados polas entidades que atenden a discapacidade— están sendo unha realidade moi palpable e que están axudando moitísimo, non só para estas entidades senón tamén para os usuarios e para as súas familias. Era unha vella demanda e que agora xa é unha realidade. Xa hai máis de cinco mil prazas amparadas nun destes concertos sociais. E aváncolles que nos vindeiros días seguiremos aumentando esta cobertura e ampliaremos a oferta con cento sesenta novas prazas públicas para as persoas que o necesiten, amparadas polos concertos sociais. *(Aplausos.)*

E para que os servizos públicos se fortalezan de forma sustentable e estean atendidos en todo momento polas persoas idóneas, é necesario recoñecer que estas persoas, os servidores públicos, teñen unha función fundamental en garantir e atender as necesidades dende o servizo público da sociedade galega. Nesta liña foron e seguirán indo as ambiciosas —creo— ofertas de emprego público que estamos a lanzar en todos os ámbitos; só no ano 2023, o ano pasado, aprobáronse máis de mil cen prazas para a Administración xeral da Xunta de Galicia, máis de mil duascenas para a sanidade e mil setecentas cincuenta na educación.

Seguiremos nos próximos meses por este camiño cun desafío triplo: primeiro, abordar o progresivo e inevitable envellecemento das plantillas, que padecen todas as administracións públicas; polo tanto, hai que facer fronte ás xubilacións e incorporar novos servidores públicos. Hai que reducir a temporalidade e tela sempre por debaixo do limiar do 7 por cento. E hai que garantir que os procesos selectivos, á parte da súa obxectividade, sexan rápidos e se resolvan no prazo máximo dun ano dende a súa convocatoria. Isto estou seguro de que os miles de opositores e opositoras o van agradecer especialmente, e é un compromiso que cumprirá a Xunta de Galicia: menos dun ano en todas as oposicións. *(Aplausos.)*

Señorías, vou rematando. O desafío que temos ante nós nesta lexislatura é nin máis nin menos que construír a Galicia, non dos vindeiros catro anos, que por suposto tamén, hai que construír a Galicia da vindeira década.

Polo tanto, as decisións que tomemos van condicionar a estrutura económica, a configuración territorial e os servizos públicos cos que contaremos dentro de dez anos, no ano 2030-2032, ata o ano 2034. En definitiva, o que hai que facer é prestar o mellor servizo aos galegos de hoxe, pero tamén aos galegos de mañá.



Se a nosa comunidade avanzou nestes anos como o fixo, foi grazas á responsabilidade de visión de país de moitísima xente. Eu quero recordar neste discurso inicial de lexislatura a todos os que aportaron, dende a Presidencia da Xunta de Galicia antes ca min, o seu esforzo e o seu bo facer, e estou seguro de que intentaron sempre facelo o mellor posible. Polo tanto, un recoñecemento para Xerardo Fernández Albor, para Fernando González Laxe, para Manuel Fraga, para Emilio Pérez Touriño e para Alberto Núñez Feijóo. Todos fixeron o posible por construír unha Galicia mellor. (*Aplausos.*) E tamén, por suposto, para todas as persoas que os acompañaron no seu traballo, tanto as que tiveron responsabilidades de goberno xunto con eles, como as que as tiveron de oposición; unha oposición que, se foi produtiva, é porque foi responsable, leal e centrada en Galicia. Ao final, os logros son de todos: dos que teñen que gobernar e dos que, dende a oposición, teñen que intentar construír alternativas; alternativas que permiten, ademais, por exemplo, que Galicia sexa hoxe, como dicía antes, unha comunidade cada vez máis vertebrada en todo tipo de infraestruturas: as terrestres, as de transporte e as tecnolóxicas —na área de teletraballo, tan importantes—; todo aquilo que permite ter unha Galicia mellor comunicada. Oito de cada dez galegos viven a menos de quince minutos dunha vía de altas prestacións. E hai que seguir avanzando por este camiño.

Polo tanto, nesta lexislatura continuaremos as execucións nas autovías da Costa da Morte, Brión-Noia, Costa Norte, Santiago-A Estrada e en dúas nas que as melloras son inminentes, que son Tui-A Guarda e Lugo-Monforte.

E tamén seguiremos consolidando a rede de transporte público máis accesible de toda España, con vantaxes evidentes de gratuidade para os maiores e tamén para o máis xoves; para maiores de 65 e menores de 21.

Por suposto, a Galicia de mañá e a de hoxe tamén ten que seguir sendo cada vez máis igualitaria. Hai que combater activamente o machismo, que aínda, por certo, pervive en moitas manifestacións do noso día a día.

Nos primeiros compases desta lexislatura que iniciamos lanzaremos novos programas para o impulso do emprego feminino de alto valor engadido. E, por suposto, non vai haber cuartel na loita contra a maneira máis extrema da desigualdade, que é a violencia machista. A nosa comunidade vai poñer en marcha neste mesmo ano centros de información á muller móbiles, á disposición de todo o noso rural, naqueles lugares onde non existe un recurso permanente, un centro de información á muller; e un programa tamén para a atención especializada ás vítimas que presentan unha especial, pola súa intensidade, vulnerabilidade: mulleres maiores, mulleres con discapacidade ou que forman parte de familias monoparentais.

Galicia vai avanzar na vindeira década protexendo, por suposto, a nosa lingua e a nosa cultura, e abríndoa cada vez máis ao mundo, máis aínda do que está agora. Potenciaremos, por tanto, o uso do galego especialmente entre a poboación neofalante e levaremos a nosa riqueza cultural —a nosa enorme riqueza cultural— aos municipios máis pequenos, aos que menos posibilidades teñen de ter estas manifestacións culturais, a través da Rede Adival, que xa puxemos en marcha hai unhas semanas. (*Aplausos.*)

E avanzaremos, por suposto tamén, apoiando a todos eses galegos que van polo mundo falando ben de nós e do noso; a todos eses embaixadores, creadores, científicos ou deportistas



que representan a Galicia e que ao mesmo tempo exercen a súa actividade. Mañá mesmo terei a oportunidade de reunirme cos deportistas —deportistas paralímpicos— que acudirán á Olimpíada de París. Todo o esforzo que fan, o esforzo de moitísimos anos e de moitísimos meses de entrenamiento, ten que ser recoñecido por toda a sociedade galega, porque tamén nos están representando coa súa actividade, como dicía.

E a Galicia da vindeira década tamén ten que ter as súas portas abertas a un turismo respectuoso, cada vez máis respectuoso, que permita combinar o crecemento de visitantes coa conservación daquilo que fai, precisamente, que eses visitantes acudan a coñecer a nosa terra.

Polo tanto, ese é o camiño, ese é o vieiro e a tendencia na que seguiremos: poñer en marcha e difundir cada vez máis en España e no resto dos países do mundo a nosa riqueza cultural, natural e gastronómica para atraer visitantes con «sentidiño»; sen obsesionarnos na cifra, pero pensando en que aínda temos posibilidades de crecemento.

Confío, ademais —e quero agradecerlo aquí— en que a lexislatura que agora comezamos vexa recoñecida a Ribeira Sacra co galardón de patrimonio da humanidade. E agradezo aquí o esforzo e a unanimidade de todas as comunidades autónomas e do Goberno de España en recoñecer que esta era a candidatura que todos debiamos apoiar. Moitísimas grazas a todos eles. *(Aplausos.)*

Avanzaremos tamén na vindeira década en algo fundamental, que é no bo trato e no coidado dos animais de compañía. Unha sociedade que coida os seus animais de compañía é unha sociedade que fala ben de si mesma. Os centos de miles de galegos que hoxe en día teñen rexistrada unha mascota merecen a atención, por suposto, da Xunta de Galicia. Esa medida que poñeremos en marcha de xeito inmediato, que é a gratuidade dos primeiros gastos veterinarios para as persoas que adopten unha mascota, creo que vai nese camiño; igual que ese novo centro de acollida a nivel galego, que promoverá e sosteirá a Xunta de Galicia, e o apoio aos concellos de 20.000 habitantes para que sigan instalando parques de ocio canino. *(Aplausos.)*

E tamén avanzaremos, señorías, na parte que nos corresponde das nosas competencias, en ter unha xustiza cada vez máis áxil e cada vez máis axeitada ás demandas dos cidadáns. Unha xustiza lenta, unha xustiza ineficaz non é xustiza. Os primeiros que o din son os propios profesionais da xustiza. Neste mapa de competencias compartidas e complexo, creo que a Xunta de Galicia fixo un enorme esforzo nos últimos anos: 161 millóns de euros investidos en mellorar sedes xudiciais, case 50 millóns de euros en implantar novas tecnoloxías. Polo tanto, implantación da carreira profesional en materia da Administración de Xustiza.

Somos, no día de hoxe, en moitas especialidades xurisdicionais, a comunidade autónoma que máis paga en baremos da xustiza de oficio. Sei que non é dabondo, sei que é unha tarefa inacabada e que os profesionais teñen dereito ás súas reivindicacións, pero tamén sei que isto non o podemos facer só as comunidades autónomas. No que só depende de nós, Galicia está en situacións punteiras, e eu reclamo a implicación do Ministerio de Xustiza para abordar definitivamente este problema.



Señorías, a confianza é o concepto sobre o que debe pivotar sempre a democracia, e que os cidadáns crean o que dicimos os representantes políticos. Eu creo que os cidadáns nos conceden a súa confianza dun xeito sempre temporal, e, por suposto e polo tanto tamén sempre revogable, dannos a súa confianza cunha finalidade clara: que é que administremos os seus recursos, que proveñen dos seus impostos, do seu traballo e do seu esforzo, da mellor maneira posible.

Espero que ningún dos aquí presentes —eu, dende logo, non o fago— pensemos que o voto, o apoio do 18 de febreiro, o que recibimos cada un ou cada unha, pode interpretarse como unha carta branca para actuar durante catro anos sen saber de onde vén ese apoio; pensemos que ese apoio é temporal e que está sometido permanentemente ao escrutinio de quen nolo deu. A confianza da xente non nos pode liberar; ao contrario, o que ten que facer é atarnos a unha maneira de facer as cousas, de facer as cousas como dixemos que as iamos facer, a cumprir os compromisos que dixemos que iamos cumprir. Eu, polo tanto, prometo respectar todo iso, prometo honralo en todo momento e prometo gobernar con palabra, que é o que a xente esperou de nós cando nos deu a confianza. *(Aplausos.)*

E, por suposto, señorías, non vou dicir nin podo asegurar que non me vou equivocar xamais, porque seguro que me equivocarei bastantes veces, bastantes máis das que me gustaría, probablemente; pero o que si podo asegurar é que cada decisión que tome, cada paso que dea e cada palabra que pronuncie vai ser no supremo e exclusivo interese de Galicia e dos galegos. Iso si que o podo asegurar. *(Aplausos.)*

Eu creo que hai moito tempo que Galicia sabe cal é o seu destino e sabe cales son os seus intereses, e o que fai cada catro anos é elixir a quen cre que mellor pode levalos a cabo.

Polo tanto, eu pido a confianza desta Cámara co convencemento de que teño que seguir sendo un humilde camiñante, e un camiñante ao carón do noso pobo, do pobo ao que lle pedín e que me outorgou maioritariamente a súa confianza. Polo tanto, comprométo-me a dalo todo, todo de min, todas as miñas forzas, todas as miñas ganas, que son moi importantes, e toda a experiencia acumulada nestes anos para que Galicia siga superándose.

Estou convencido de que, cando non nos poñemos límites, as galegas e os galegos somos imparables. Eu pido a súa confianza para seguir por ese camiño.

Moitísimas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.


A intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136, será o xoves, día 11 de abril de 2024, ás 11.30.

Polo tanto, suspendemos a sesión ata ese día.

Bo día a todos.

Suspéndese a sesión ás once e dezaseis minutos da mañá.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

